



“En principio a instrucción ás oito da mañá: ¡un-do!, ¡un-do! ¡Por pelotóns, de-reita! ¡Pola esquerda, en liña! ¡Media volta! ¡Mar...! Síntome canso, amolado, cun humor de cans. Cando remata a instrucción pé a terra, comeza a instrucción coas pezas...”

*Diario da guerra* (2023), Francisco Fernández del Riego

(Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010)

Foi un escritor, editor e dinamizador cultural galego. Estudou Dereito en Santiago de Compostela, e desde moi novo comezou a traballar pola nosa cultura, tanto no eido intelectual coma no político. Fundou xunto con outros socios a Editorial Galaxia, da que sería director, e continuou a colaborar con distintas publicacións. Foi académico da lingua, impulsor e promotor da idea do Día das Letras Galegas e presidente da Real Academia Galega.

## GRANDES ÉXITOS



1984

*Historia da literatura* (1984) é unha publicación na que o autor disecciona e realiza unha crítica das diferentes correntes e autores da nosa literatura.

*Diccionario de escritores en lingua galega* (1992) é unha compilación de escritores fundamentada polo feito de expresarse en galego, independentemente da súa procedencia.



1992

Outras das súas obras son *O cego Pumardeón* (1992), *Luis Seoane desde a memoria* (1994) e *Camiño andado* (2003).

“Toda a miña vida lla adiquei a Galicia. Unha vez que me reencontrei e tiven sentido do que é o noso país, do que é a súa cultura, do que é a súa lingua, fixen profesión de fe, de actividade, de traballo ao servizo dese ideal.”

Francisco Fernández del Riego. *Vigo dende o corazón de Galicia* (2013),  
M.<sup>a</sup> D. Cabrera Iglesias e M.<sup>a</sup> D. Villanueva Gesteira

